

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Corrección de erros.-Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro na corrección publicada no DOG número 199, do mércores 13 de outubro pasado, cómpre facer a oportuna corrección:

Onde di: «Corrección de erros.-Lei 6/2004, do 12 de xullo, reformadora dos órganos...», debe dicir: «Corrección de erros.-Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos...».

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 22 de setembro de 2004 pola que se dispón a substitución dun membro no Consello Social da Universidade da Coruña e se fai pública a súa nova composición.

O artigo 7 da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, determina a composición do Consello Social e os procedementos de designación e nomeamento dos seus membros, no seu punto 3.d) establece que aos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia lles corresponderá designar dous membros.

Pola Orde do 19 de novembro de 2003 (DOG do 24 de novembro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade da Coruña. Pola Orde do 27 de maio de 2004 (DOG do 10 de xuño), dispónse a substitución de varios membros no Consello Social da Universidade da Coruña e faise pública a súa nova composición.

Cumprindo co procedemento establecido no artigo 10.1º b) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, a renuncia deberá presentárselles por escrito á autoridade, entidade ou institución designante e ao presidente do Consello Social, quen lla comunicará á consellería competente en materia universitaria, e publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, data desde a que producirá efectos.

O presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, en uso das súas competencias, comunicoulle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en data 20 de setembro de 2004, a renuncia de José Manuel Pose Mesura como repre-

sentante sindical da UGT no seu consello social e a designación de José Carrillo Souto como representante designado para substituír o anterior.

Así mesmo, recibíronse nesta consellería, en cumprimento do artigo 8 da citada Lei 1/2003, os documentos preceptivos por parte do novo membro designado de non incorrer en incompatibilidade.

Por todo iso, por instancia do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, esta consellería, cumprindo o establecido no artigo 7 (números 4º e 5º) da citada Lei 1/2003,

DISPÓN:

Artigo 1º

Nomear a José Carrillo Souto como representante sindical da UGT no Consello Social da Universidade da Coruña.

Esta persoa substitúe polo mesmo concepto a José Manuel Pose Mesura, agradecéndolle os servizos prestados.

Artigo 2º

Deste xeito, o Consello Social da Universidade da Coruña queda constituído polos seguintes membros:

I. Membros natos do Consello Social:

-José María Barja Pérez, reitor da universidade.

-Patricia Faraldo Cabana, secretaria xeral da universidade.

-Rafael Couto Lestao, xerente da universidade.

II. En representación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña:

-Anxo Ramón Calvo Silvosa, profesor, elixido polo Consello de Goberno.

-Mª Dolores Rodríguez Amoroso, estudante, elixida polo Consello de Goberno.

-José Antonio Rilo López, representante do PAS, elixido polo Consello de Goberno.

III. En representación dos intereses sociais de Galicia.

a) Designados polo Parlamento de Galicia.

-Manuel Caamaño Suárez.

-José Luis Calvo Pumpido.

-Carlos González Fernández.

-José Manuel Liaño Flores.

-Ramón Núñez Centella.

-José Manuel Vilariño Anca.

b) Designados pola Xunta de Galicia.

-José Antonio Quiroga y Piñeyro, presidente do Consello Social.

-Agustín Ordóñez Armán.